



DATOS IDENTIFICATIVOS

Paleografía

Materia	Paleografía			
Código	002G251V01305			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia Paleografía permite ao alumnado coñecer as características gráficas dos ciclos da escritura latina, así como os sistemas abreviativos e de datación documental utilizados. Capacítao ademais para ler e editar fontes documentais manuscritas que utilizan o alfabeto latino.			

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
C18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
C23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Aplicación dos coñecementos
D5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
D6	Resolución de problemas e toma de decisións.
D7	Capacidade de razoamento crítico
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas	B3	C17	D1	D2 D5 D7
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	A5	B6	C17 C23	D2 D5 D9 D14

Contidos

Tema	
1.- Os grandes ciclos da escritura latina.	1.1.- Definición e evolución do concepto de paleografía. 1.2.- Os grandes ciclos da escritura latina e o vocabulario básico da paleografía. 1.3.- O ciclo escriturario romano. 1.4.- As escrituras dos reinos xermánicos. A escritura visigótico-mozárabe. 1.5.- A escritura carolina. 1.6.- A escritura gótica. 1.7.- A escritura cortesana e procesal. 1.8.- A escritura humanística e a imprenta.
2.- Materiais, braquigrafía e datación documental.	2.1.- Materiais e instrumentos escriptorios. 2.2.- Abreviaturas, sistemas abreviativos e signos de puntuación e corrección. 2.3.- Datación documental.
3.- Elaboración de coleccións documentais.	3.1.- Normas de edición documental. 3.2.- Elaboración de índices.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	15	30
Seminario	23	30	53
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Probas de resposta curta	1	15	16
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	15	17
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	25	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposicións nas que se familiarizará ao alumnado coas principais características gráficas, sistemas abreviativos, normas de edición e sistemas de datación documental da escritura latina.
Seminario	Actividades en grupo nas que se realizarán prácticas de lectura, transcripción, datación, edición e elaboración de índices sobre documentación manuscrita pertencente aos distintos ciclos da escritura latina.
Eventos docentes y/o divulgativos	Reservanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Titoría en grupo	Nas titorías en grupo resolveranse dúbidas sobre os contidos da materia e a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais xerados polas actividades de lectura, transcripción, datación, edición e elaboración de índices. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Alumnado presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Alumnado non presencial: aula e-meeting (enlace en FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Alumnado presencial: seguimento na aula e no seminario de informática da facultade. Alumnado non presencial: aula e-meeting (enlace en FaiTic).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Probas de resposta curta	O alumnado deberá resolver e explicar exercicios sobre datación documental e desenvolvemento de abreviaturas realizados sobre fontes manuscritas. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e interpretacións historiográficas.	40	B3	C17	D1 D2 D5 D7	
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O alumnado deberá datar, rexestar e transcribir un documento manuscrito. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	50	A5	B6 C23	D2 D5 D9 D14	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación de tarefas de búsqueda, normas de edición e elaboración de índices sobre fontes manuscritas. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación oral e escrita de traballos monográficos individuais ou colectivos baseados en fontes e bibliografía específicas.	10	A4	B6 C17 C18	D2 D6 D11 D14	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba práctica de execución de tarefas reais na que o alumnado deberá datar, rexestar e transcribir un documento manuscrito (50% da nota final) e unha proba de resposta curta na que deberá resolver e explicar exercicios sobre datación documental, desenvolvemento de abreviaturas e normas de edición realizados sobre fontes manuscritas (50% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ROMERO TALLAFIGO, M. et al., **Arte de leer escrituras antiguas. Paleografía de lectura**, Universidad de Huelva, 1995

MILLARES CARLO, A., **Tratado de Paleografía Española**, Espasa Calpe, 1983

Paleografía y Diplomática de la UNED, UNED, 1991

RIESCO TERRERO, A. (ed.), **Introducción a la Paleografía y la Diplomática general**, Síntesis, 1999

CASADO QUINTANILLA, B., **Láminas de la Cátedra de Paleografía y Diplomática**, UNED, 1997

BOULLÓN AGRELO, I.; MONTEAGUDO, H., **De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260. Anexo da revista Verba**, Universidade de Santiago de Compostela, 2009

CAPELLI, A., **Cronologia, cronografia e calendario perpetuo: dal principio dell'era cristiana ai nostri giorni**, Ulrico Hoepli, 1988

RIESCO TERRERO, A., **Diccionario de abreviaturas hispanas de los siglos XIII al XVIII**, 1983

PETRUCI, A., **La ciencia de la escritura. Primera lección de Paleografía**, Fondo de Cultura Económica, 2003

Bibliografía Complementaria

MILLARES CARLO, A. e MANTECÓN, J.I., **Álbum de paleografía hispanoamericana de los siglos XVI y XVII**, El Albir, 1975

AGUSTÍ, J.; VOLTES, P., **Manual de cronología española y universal**, CSIC, 1952

Gallaecia Monumenta Historica, Consello Cultura Galega,

CHARTA, Corpus Charta. Red Internacional,

RIESCO TERRERO, A. et al., **Vocabulario científico-técnico de Paleografía, Diplomática y ciencias afines**, Barrero&Azedo, 2003

DE HAMEL, Ch., **Copistas e iluminadores**, Akal, 1999

CARMONA DE LOS SANTOS, M^a, **Manual de Sigilografía**, Subdirección General de los Archivos Estatales, 1996

RUÍZ GARCÍA, E., **Manual de Codicología**, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1988

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Diplomática e arquivística/O02G251V01902

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.